

## FICHA 1

4

### Comprendo un texto informativo

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

#### Mirando o ceo

Cando de noite miramos o ceo, alí está a Lúa, brillante e bonita.

A Lúa non ten luz propia. Así e todo, brilla no ceo porque reflicte a luz do Sol, coma se iluminásemos cunha lanterna diante dun espello.

Se nos fixamos atentamente, na Lúa podemos ver unhas manchas escuras en forma de círculos. Son cráteres. Os científicos din que, hai millóns de anos, grandes meteoritos chocaron contra a Lúa e causaron estes enormes buratos na súa superficie.

Na Lúa non hai atmosfera, non hai aire. Iso quere dicir que nunca sopra o vento, non hai nubes, non chove nin hai tempestades. Por iso, a terra e o po que hai na superficie non se moven nunca. Cando os primeiros astronautas, despois de aluar, deron un paseo dentro dos vestidos espaciais, foron deixando pegadas no chan e áinda están, non se borraron, porque o po onde están marcadas non cambiou. Pasaron moitos anos desde que a nave *Apolo XI* chegou á Lúa, pero áinda continúan alí as pegadas dos astronautas, tan marcadas coma o primeiro día; e así quedarán anos e anos...



#### 1 Escribe Si ou Non. De que se fala no texto?

- Do aspecto que ten a Lúa cando a miramos. ► \_\_\_\_\_
- Da distancia que separa a Terra e a Lúa. ► \_\_\_\_\_
- Das naves espaciais que van á Lúa. ► \_\_\_\_\_
- Do que pasa coa terra e co po que hai na Lúa. ► \_\_\_\_\_



#### 2 Marca. Que son as manchas escuras que vemos na Lúa?

- Os seus cráteres.  As pegadas dos astronautas.

## FICHA 2

4

AMPLIACIÓN. UNIDADE

- 3 Explica o que fixeron os astronautas cando foron á Lúa.

---

---

---



- 4 Completa as oracións coas túas palabras.

- A Lúa brilla porque \_\_\_\_\_
  - Os cráteres formáronse porque \_\_\_\_\_
  - As pegadas dos astronautas non se borraron porque \_\_\_\_\_
- 
- 

- 5 Completa cos verbos no tempo correspondente.



aluar



aterrar



amarar

- Onte o hidroavión \_\_\_\_\_ no lago para rescatar os naufragos.
- Aquel día a nave Apolo XI \_\_\_\_\_ sen problemas.
- Dentro duns segundos, o avión \_\_\_\_\_ na pista principal.

- 6 Relaciona cada expresión co seu significado.



- A. Estar na lúa.  
B. Estar de mala lúa.

Estar enfadado.

Estar distraído.

## FICHA 3

# 12

### A coma

PLAN DE MELLORA. Ficha 2

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

#### LEMBRA


Escribimos coma (,), entre outras cousas, para separar os elementos dunha enumeración.

Nas enumeracións non se escribe coma nin antes nin despois da palabra e.



#### 1 Escribe as comas que faltan nestas enumeracións.

- Os meus catro cans chámense Tobi Raiña Wanda e Lúa.
- Eu teño un irmán unha irmá douce curmáns e tres curmás.
- Mañá hai clase de Lingua de Matemáticas e de Música.



#### 2 Completa as enumeracións coas palabras e as comas que faltan.

- Para xantar hai \_\_\_\_\_



- Meu pai mercou \_\_\_\_\_

#### 3 Escribe as catro comas que faltan nesta carta.

Estimados clientes:

Enviámoslles o material que nos pediron: un paquete de 500 folios uns rotuladores unha grampadora unhas gomas elásticas grandes e un xogo de regras. Esperamos que todo sexa do seu gusto e agradecémoslles a confianza na nosa empresa.

Atentamente

Pascual Guerra  
Xerente de Ofibós  
Material de oficina



## FICHA 4

13


### Palabras con x e con s

PLAN DE MELLORA. Ficha 2

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

A letra x pode representar dous sons distintos:

- O que se pronuncia en palabras como *xamón*, *queixo*, *xabrón*, *xente*, etc.
- O que se pronuncia en palabras como *taxi*, *exame*, *texto*, *reflexo*, etc.



#### 1 Clasifica estas palabras segundo o son que representa a grafía x.

- |               |            |         |           |           |             |
|---------------|------------|---------|-----------|-----------|-------------|
| • proximidade | • reloxo   | • flexo | • xoaniña | • taxista | • xeración  |
| • extremidade | • axóuxere | • éxito | • coxín   | • xarope  | • flexionar |

O x soa coma en xamón	O x soa coma en exame

#### 2 Completa as oracións coa palabra de cada parella que corresponda.

xesta / sesta

texto / testo

mixto / misto

experto /esperto

- O avó durmiu unha \_\_\_\_\_ ao pé dunha \_\_\_\_\_ .
- Púxolle un \_\_\_\_\_ á tixola para que non lle arrefriase o sándwich \_\_\_\_\_ .
- O \_\_\_\_\_ publicou un libro sobre un \_\_\_\_\_ literario da Idade Media.
- Acendeu o lume cun \_\_\_\_\_ e, antes de deitarse, estivo \_\_\_\_\_ dúas horas.

#### 3 Completa con x ou con s.

- |               |              |              |               |             |
|---------------|--------------|--------------|---------------|-------------|
| • e__cavación | • e__cachar  | • e__celente | • e__pertador | • e__traño  |
| • e__premedor | • e__tensión | • e__tintor  | • e__coitar   | • e__terior |